



Ó COIDADO DA XUNTA DE PERSOAL

Dende CIG-Saúde queremos apuntar a unha reflexión para as OOSS que formamos parte desta Xunta de Persoal. Primeiro expresar a nosa sorpresa pola actuación da Secretaría da Xunta de Persoal ante unha petición de melloras nas condicións laborais por parte dos e das profesionais que exercen o seu labor no Servizo de Urgencias, e que é trasladada (e cito textualmente) “AO COIDADO DA XUNTA DE PERSOAL” por unha das traballadoras afectadas por esas actuais condicións de traballo, con data de 31 de maio de 2022.

A nosa sorpresa é porque diante deste documento, asinado por 69 traballadores e traballadoras do devandito Servizo, a reacción foi atacar publicamente á traballadora, identificándoa e sinalándoa publicamente como manipuladora.

¿Dende cando as organizacións sindicais identifican publicamente ás/os traballadoras e traballadores que entregan os escritos “AO COIDADO DA XUNTA DE PERSOAL”? ¿Dende cando se lles acusa, pegando profusamente un cartel en diferentes áreas do hospital, cun texto no que se indicaba textualmente “*que hay una mano que manipula la reivindicación con un interés más particular*”?

¿Onde está o deber de sxiilo? ¿Onde está a defensa efectiva das peticións de 69 traballadores e traballadoras?

Esta situación é ridícula. E a resposta dada é ridiculamente perigosa.

É ridícula porque os escritos que se entregan á “representación das traballadoras e traballadores da Área Sanitaria de Ferrol -Xunta de Persoal ASF” para a súa consideración deberan ser tratados coa discreción que merecen por toda a Xunta de Persoal, e non só por unha parte dela. Resulta ridículo que tres organizacións sindicais digan que lles parece “*correcto que los trabajadores quieran demandar mejoras*”, cunha linguaxe máis propia da patronal. Resulta tamén ridículo e patético que dean a entender que teñen a iniciativa da defensa destas demandas por presentalas no mes de xuño cando as traballadoras e os traballadores xa as expuxeran quince días antes. E

finalmente patético que defendan esas reivindicacións se, como afirman, foron froito da manipulación *"con un interés más particular que efectivo para los intereses de los trabajadores"*.


¿E por que ridiculamente perigosa? Porque sinalar a unha traballadora crea un perigoso precedente, no que todo vale, para minar as peticións dun grupo de traballadores e traballadoras. Porque saltarse a Lei de Protección de Datos mina a confianza nesta Xunta de Persoal por parte daqueles a quen representamos. E porque isto de apuntar a unha traballadora é de fascistas.

O dito, un perigoso ridículo e un perigoso precedente.

O mal xa está feito para esta Xunta de Persoal, e particularmente para esta Secretaría e os asinantes de tan irresponsable panfleto. Creemos que é inútil solicitar unha desculpa, que sería hipócrita, xa que tempo houbo para facela e non se fixo. Apelamos á conciencia sindical do resto de OOSS para que non se nos contaxie a falta de conciencia e responsabilidade exhibidas por parte de CCOO, UGT e CSIF no desenvolvemento do que é a nosa función: defender os dereitos dos traballadores e das traballadoras, de todos e todas, do abuso e do acoso ós que se ven sometidos. Só nos queda como Sección Sindical de CIG – Saúde Ferrol sumarnos ó escrito que as traballadoras e traballadores do Servizo do Servizo de Urgencias presentaron o 27 de xuño deste ano.

Antes os ataques viñan só pola patronal. Agora o número de participantes nesta dinámica, lamentablemente, aumenta con CCOO, UGT e CSIF.

En Ferrol, a 4 de outubro de 2022



Asdo. Sección Sindical de CIG – Saúde Ferrol

Alejandra Martínez Yáñez

Secretaría Comarcal CIG-Saúde